

DASHIELL HAMMETT

# Colleita vermella

Traducido por Diego Ameixeiras



Hugin e Munin

## 1. Unha muller de verde e un home de gris

A primeira vez que lle oín chamar Poisonville<sup>2</sup> a Personville foi a un mineiro roxo de nome Hickey Dewey, no Big Ship de Butte. Tamén se trabucaba con outras palabras, así que non lle dei maior importancia á súa maneira de se referir á cidade. Máis tarde escoiteille a mesma denominación a outros homes que non tiñan eses problemas de pronuncia. Interpreteino como un tipo de humor sen xeito que se empregaba nos suburbios. Uns anos despois estiven en Personville e entendín por onde ía a cousa.

Chamei a Donald Willsson ao *Herald* dende unha cabina telefónica da estación, e díxenlle que acababa de chegar.

—Pode vir esta noite ás dez pola casa? —tiña unha voz nidia que resultaba agradable—. O enderezo é boulevard Mountain, 2101. Apane o tranvía en Broadway, baixe na avenida Laurel e camiñe dous rueiros cara ao oeste.

Quedei en ir. Despois dirixinme ao Hotel Great Western, deixei as maletas e saín dar unha volta pola cidade.

Bonita, non era. A maioría dos construtores apostaran pola ostentación. Se cadra ao primeiro apraceulles. Dende entón, os altos fornos, cuxas chemineas de ladrillo se erguían contra unha montaña aveseda ao sur, impregnáranos todo cunha sucidade uniforme de fumeira amarela.

---

<sup>2</sup>N. do T. «Cidade do veneno».

A consecuencia era unha cidade fea de corenta mil habitantes, afundida nun desfiladeiro feo entre dúas montañas feas e derramadas de vez pola minaría. Sobre a paisaxe estendíase un ceo merdento que semellaba emanar das chemineas dos altos fornos.

O primeiro policía que vin precisaba barbearse. O segundo perdera dous botóns do seu luído uniforme. O terceiro estaba no centro da intersección máis importante da cidade —Broadway coa rúa Union— dirixindo o tránsito cun cigarro nunha das comisuras da boca. Daquela deixei de reparar neles.

Ás nove e media collín o tranvía en Broadway e seguíñ as instrucións que me dera Donald Willsson. Así foi como cheguei a unha casa situada nun recanto abeirado por unha sebe.

A empregada que me abriu a porta díxome que o señor Willsson non estaba na casa. Mentres lle explicaba que tiña unha cita con el, achegouse á porta unha muller loura e esvelta de apenas trinta anos cun vestido de crespón verde. Cando sorriu, os seus ollos azuis non perderon a súa frialdade. Repetín para ela a explicación.

—O meu home non está na casa neste intre —un acento suave facíalle arrastrar os eses—. Pero se en efecto ten unha cita con vostede, o máis probable é que volva de aquí a un pouco.

Levoume a un cuarto do primeiro andar que daba á avenida Laurel, unha estancia marrón e vermella ategada de libros. Sentamos en poltronas de coiro, un fronte ao outro, ao pé dunha cheminea onde ardía o carbón, e quixo saber dos asuntos que viña tratar co seu home.

—Vive vostede en Personville? —preguntou ao principio.

—Non. En San Francisco.

